

## Programa de Actividades de Formación Contínua Xuño-Xullo 2022

### Formación en apicultura

Continúa o calendario do PIFA. A partir do 19 de abril impartirase o Módulo 3 (Reproducción do apiario, outros produtos da colmea e a defensa do colmeiro). As sesións son os martes dos meses de abril, maio e xuño.

Con motivo do Día Mundial das Abeillas, o vindeiro 20 de maio organizaranse diversos obradoiros nos que poderán participar alumnos de ESO.

Por outra banda, no marco do Proxecto Apirural – Apicultura 4.0 continúan os traballois de investigación e de promoción da apicultura: edición de vídeo – cursos sobre fundamentos básicos sobre o manexo das colmeas, reproducción, defensa dos colmeares, etc. Neste Proxecto participa, ademáis de Fonteboa, a EFA Oretana (Toledo), o CIAPA (Centro de Investigación Apícola e Agroambiental) de Guadalajara e a empresa tecnolóxica Comunitelia. Para os 23, 24 e 25 de xuño está previsto un encontro dos participantes en Fonteboa (exposición e presentación de resultados, ponencias, etc.) Será unha oportunidade para o encontro de apicultores da zona e refrescar coñecementos e intercambiar experiencias.

### Ruta das Albarizas

Para o sábado 23 de abril (en horario de 10 a 14,00 h) está programada a "Ruta das Albarizas" en Vimianzo, organizada polo equipo de Guias de Natureza en colaboración con Apatrigal. Trátase de coñecer e valorar os aspectos patrimoniais dunha actividade tradicional como a apicultura e a súa integración na paisaxe. Rematada a andaina, para as persoas que o desexen, está previsto un xantar.

### Curso de Carretilleiro:

Organizado para os alumnos de Transporte e Loxística, previsto para os días 25 e 26 de abril (horario de 15,30 a 18,30), hai prazas disponibles para persoas que poderán estar interesadas.. Con este curso homologado poderase obter o carné de carretilleiro que habilita para o manexo de máquinas: carretilla elevadora frontal, carretilla retráctil, transpaleta, apiladores e recollepedidos.

### Viaxe á Fima (Zaragoza)

Do mércores 27 ao sábado 30 de abril organizamos a viaxe á Feira Internacional de Maquinaria Agrícola en Zaragoza. Visitarase a Granxa San José e Torreciudad (Huesca). Participan alumnos de Producción agropecuaria e profesionais. (ver cartel).

### Cursos de Benestar Animal

Neste período están programados dous cursos: Na semana do 2 ao 6 de maio, en horario de 8,30 a 14,30 (alumnos de 1º CFGS de GAS) e o outro será os días 3, 10, 24 e 31 de maio, en horario de 15,30 a 21,00 h (alumnos de 1º CFGS de Transporte e Loxística). En ámbolos dous cursos hai prazas disponíveis para profesionais.

### Curso de muxido 2022

Dende o martes 24 ao venres 27 de maio terá lugar a formación teórico - práctica sobre os procesos de muxido. Haberá prácticas de muxido matutino en ganderías da zona e, posteriormente, de 11:30 a 13:30 h, a formación teórica. No curso traballarase tanto o muxido en sala como na modalidade de robotizado. A formación estará a cargo dos servizos técnicos de Gea, Química Industrial Savelo e Lely España.

### Carnet de Motoserrista Europeo

Neste período está programado un curso de nivel ECC-1 do 30 de maio ao 2 de xuño. O horario será de tarde (de 15,00 a 19,00 h.) Esta formación habilita para a obtención do Carnet de Motoserrista Europeo, outorgado por EFESC (Consello Europeo de Capacidades Forestais e Ambientais). As 20 horas que acreditan o nivel de competencia ECC1 (mantemento da motoserra e técnicas de tronzado), unha certificación que será obligatoria para traballar no sector forestal, e así

### Ao redor do leite

Con motivo do Día Mundial do leite 1 de xuño, haberá en Fonteboa actividades de difusión dos produtos lácteos organizados polos alumnos de GAS e nas que participarán tódolos alumnos do centro. E para o sábado 4 de xuño terá lugar a "BTT Vía Láctea", un percorrido en bici de montaña segundo o Camiño de Santiago dende Santiago ata

### Mobilidades de alumnos Erasmus + (Francia).

Dende o 18 de marzo e ata o 17 de xuño, 8 alumnos do CFGM de Producción Agropecuaria están a realizar unha estadía en Normandía, coa colaboración da MFR Ferté – Macé. E outro grupo de 15 alumnos realizarán a súa estadía en Bretaña, do 2 ao 20 de maio, coa colaboración da MFR Janzé. Por outra banda, durante os meses de abril, maio e xuño recibiremos en Fonteboa 40 alumnos de MFR de Bretaña, Normandía e Borgoña para realizar estadías profesionais

### Curso de elaboración de lácteos

Nas instalacións do CEFA Pedro Murias, en Ribadeo, dependente da Consellería de Medio Rural, do mércores 8 ao venres 10 de xuño o grupo de alumnos de 1º GS de GAS realizarán o curso de "Iniciación á elaboración de queixos" no que coñecerán os procesos de elaboración das distintas variedades de queixos galegos e analizarán iniciativas de transformación do leite na zona. Como en ediciones anteriores, hai prazas disponibles para profesionais interesados en coñecer iniciativas e procedementos de valorización do leite.

### Clausura de curso 2021-22

Prevista para o sábado 18 de xuño, co formato habitual. Nesta xornada preténdese honrar aos alumnos que rematan a súa Formación Profesional no Centro (Grao Medio de Producción Agropecuaria e Graos Superiores de Gandaría – Asistente en Sanidade Animal e Paisaxismo – Medio Rural). Asisten as familias, colaboradores e representantes

### Programa Emprácticas 2021

Ao igual que no verán anterior e a expensas das convocatorias da Dirección Xeral de Xuventude, propone a participación dos alumnos de Formación Profesional no Programa Emprácticas. Os inscritos poderán realizar prácticas en empresas de diferentes sectores, dacendo cos intereses e expectativas persoais. O programa vaise desenvolver dende

### Work camp 2022

Dentro do marco de cooperación coa Asociación Castaño e Nogal, do 20 ao 24 de xullo terá lugar o Work Camp'22. Durante eses días realizaranse actividades de mantemento no sendeiro do río Donsal (limpezas, identificación de recursos, sinalización...) e actividades culturais na comarca de Ancares.